



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Lisardo Reigosa Maseda solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.64418.

As obras solicitadas consisten na rehabilitación dun alpendre na parcela de referencia catastral 27025A077001060000JQ, na zona de policía do rego de Rigueira, a uns 48 metros da canle; no lugar de Cornide 3, na parroquia da Rigueira, no concello de Xove (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Xove ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 27 de xuño de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 1933

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

##### *Anuncio*

**PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14 DE XUÑO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS O POSTO DE TRABALLO DE LETRADO ASESOR ESPECIALISTA EN CONSULTIVO-CONTRATACIÓN, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO.**

Anuncio relativo ao acordó da Xunta de Goberno de data 14 de xuño de 2019, que literalmente di:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesión de data 8 de marzo de 2019, aproba a convocatoria e bases para a provisión dun posto de traballo denominado Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación, de persoal funcionario a prover polo sistema de concurso específicos de méritos, facéndose publicas no Boletín Oficial da Provincia número 059, de 12 de marzo de 2019.

A vista da proposta de nomeamento realizada pola Comisión de Valoración, elévase á Xunta de Goberno para que adopte os seguintes Acordos:

1º.- Resolver definitivamente o proceso de provisión nomeando a Don Xoán Carlos Montes Somoza, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso específico de méritos, o posto de traballo número 989, denominado Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación, adscrito a Asesoría Xurídica, reservado a persoal funcionario, nivel complemento de destino 27.

2º.- Publicar o Acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 8”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 1 de xullo de 2019.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1934

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto polo artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril, publícase o acordo do Pleno do Concello celebrado o pasado 28 de xuño de 2019 relativo á determinación de membros da corporación con adicación exclusiva así como a súa retribución e que na súa parte dispositiva resultou do seguinte teor literal:

*"Primeiro.- Deixar sen efecto a partires desta data os acordos adoptados polo Pleno do Concello en sesións de data 22 de xuño de 2015 publicado no BOP nº 160 de 14 de xullo e 17 de abril de 2018 publicado no BOP nº 160 de 14 de xullo que quedarán substituídos polo presente.*

*Segundo.- Que sexa desempeñado en réxime de adicación exclusiva o cargo de Alcalde-Presidente e o de Concelleiro delegado de deportes, cultura, e turismo.*

*Terceiro.- Fixar para o cargo de Concelleiro Delegado de Deportes, Cultura e Turismo unha retribución de 1.866,79 euros líquidos/netos mensuais, e en todo caso co límite establecido no artigo 75 bis Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Esta retribución se devengará en catorce pagas ó ano, e sufrirá os incrementos porcentuais que para os membros das Corporacións Locais fixen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado (actualmente a disposición Disposición adicional trigésima quinta da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 prorrogado) cando establecen os límites máximos totais dos conceptos retributivos que poden percibir os membros das Corporacións Locais de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, anteriormente citado. Nos supostos de incapacidade temporal declarada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, completárase o subsidio que se perciba nos mesmos termos aplicables ao persoal funcionario e laboral do Concello de Becerreá.*

*Cuarto.- Fixar para o cargo de Alcalde-Presidente unha retribución de 41.416,06 (segundo a disposición Disposición adicional trigésima quinta da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 prorrogado) euros anuais por todos os conceptos retributivos agás os trienios que lle correspondan como funcionario de carreira en situación de servizos especiais. Esta retribución se devengará en catorce pagas ó ano, e sufrirá os incrementos porcentuais que para os membros das Corporacións Locais fixen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado (actualmente a disposición Disposición adicional trigésima quinta da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 prorrogado) cando establecen os límites máximos totais dos conceptos retributivos que poden percibir os membros das Corporacións Locais de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, anteriormente citado. Nos supostos de incapacidade temporal declarada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, completárase o subsidio que se perciba nos mesmos termos aplicables ao persoal funcionario e laboral do Concello de Becerreá.*

*Quinto.- Publíquese este acordo nos lugares e na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril."*

Becerreá, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto polo artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril, publícase o acordo do Pleno do Concello celebrado o pasado 28 de xuño de 2019 relativo ás delegacións de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local e do seguinte tenor literal:

**Primeiro.-** Deixar sin efecto o acordo adoptado polo pleno con data 22 de xuño de 2015 e publicado no BOP de Lugo nº 160 con data 14 de xullo de 2015.

**Segundo.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

1.-O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

2.-A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3.-A concertación de operacións de crédito cuxa cuantía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais, e agás as que requiran para a súa aprobación unha maioría especial (Aprobacións de operacións financeiras ou de crédito e concesións de quitas e esperas cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do seu Orzamento, así como as operacións de crédito previstas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Artigo 47.2 l) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local).

4.- As competencias que corresponden ao Pleno do Concello como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado primeiro da Disposición adicional segunda da LCSP Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE. (contratos de obras, de suministro, de servicios, los contratos de concesión de obras, los contratos de concesión de servicios y los contratos administrativos especiales, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.) Igualmente se delega a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 da LCSP.

Así mesmo se delegan as competencias que corresponden ao Pleno en relación á adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde é dicir, a adxudicación de concesións sobre os bens das Entidades Locais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ou importe de tres millóns de euros así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe ou a contía indicados, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

5.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cuxa contratación se delega de conformidade co apartado anterior, e cando se trate da aprobación de proxectos de obras ou servizos que aínda non estean previstos nos orzamentos.

6.- Tódalas demais competencias que de xeito expreso atribúan as leis ó Pleno, que non sexan expresamente declaradas indelegables, nin que os acordos que no exercicio das mesmas deban dictarse, esixan os quorums que se establecen no artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Terceiro.- A delegación de competencia refírese, en tódalas materias delegadas, tanto a competencia para dictar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local poñerán fin á vía administrativa.

Cuarto.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**Quinto.-** Públíquese na súa parte dispositiva no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade con canto se establece polo artigo 13.3.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e no 51.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Becerreá, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

## INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto nos artigos 52.4 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase na súa parte dispositiva a Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2019 e do seguinte tenor:

*"Primero.- Deixar sen efecto a Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2015 publicada no BOP de Lugo nº 160.*

*Segundo.- Designar como membros da Xunta de Goberno Local ós señores concelleiros:*

*- D. Claudio Vázquez Pérez.*

- D. Manuel Bermudez Díaz.
- Dna Ana María Freijo Maseda.

**Terceiro.-** Déase conta ó Pleno do Concello en cumprimento do establecido polo artigo 38 do Regulamento antes referido."

Becerreá, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

---

## INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase na súa parte dispositiva a Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2019 e do seguinte tenor:

**PRIMEIRO.-** Nomear Tenentes de Alcalde ós membros da Xunta de Goberno Local;

- D. Claudio Vázquez Pérez.
- D. Manuel Bermudez Díaz.
- Dona Ana María Freijo Maseda.

**SEGUNDO.-** Establecer, ós efectos da suplencia orgánica do cargo de Alcalde Presidente da Corporación, nos supostos previstos pola lexislación local vixente, así como o desempeño das funcións de Alcalde-Presidente nos supostos de vacante, a seguinte orde do seu nomeamento:

- D. Claudio Vázquez Pérez, Primeiro Tenente de Alcalde.
- D. Manuel Bermudez Díaz, Segundo Tenente de Alcalde.
- Dna Ana María Freijo Maseda, Terceira Tenente de Alcalde.

Para tal suplencia, teranse en conta as salvedades previstas no artigo 47, párrafo 2º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o artigo **48 do dito Regulamento**.

**TERCEIRO.-** Publíquese a parte dispositiva desta Resolución no Boletín oficial da Provincia. Notifíquese ós interesados.

**CUARTO.-** Déase conta ó Pleno do Concello.

Becerreá, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

---

## INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto polo artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase na súa parte dispositiva a Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2019 e do seguinte tenor:

**Primeiro.-** Deixar sen efecto o decreto da Alcaldía de data 27 de xullo de 2018 (BOP nº 189 de 18 de agosto de 2019) de xeito que polo presente quedan delegadas na Xunta de Goberno Local só o exercicio das seguintes competencias:

- A) Aprobación da liquidación do Orzamento municipal.
- B) Aprobación de expedientes de incorporación de remanentes de crédito.
- C) Outorgamento de licencias urbanísticas ou de calquera clase agás as autorizacións para espectáculos con artificios pirotécnicos en festas populares, quedando por tanto excluídos os actos administrativos que se dicten en todo tipo de procedementos derivados da presentación de comunicacións previas ou de declaracións responsables así como as que as ordenanzas e as Leis sectoriais atribúan ó Concello Pleno.
- D) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- E) As aprobacións dos instrumentos de planeamiento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- F) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da Alcaldía.
- G) A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites establecidos na Disposición Adicional segunda da LCSP. (Adxudicación de concesións sobre os bens das Entidades Locais e a adquisición de bens inmoebles e dereitos

suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.)

**Segundo.-** Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo e déase conta ó Concello Pleno.

Becerreá, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

---

## INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto polo artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, publícase na súa parte dispositiva a Resolución desta Alcaldía de data 15 de xuño de 2019, do seguinte tenor:

**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto a Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2015 publicada no BOP de Lugo nº 160.

**SEGUNDO.-** Efectuar as seguintes delegacións:

- 1.- Delegar na Concelleira, DONA ANA MARÍA FREIJO MASEDA, a dirección e xestión do servizo de Igualdade, Servizos Sociais e Normalización lingüística.
- 2.- Delegar no Concelleiro DON MANUEL BERMUDEZ DÍAZ a dirección e xestión do servizo de de Urbanismo e Medio Ambiente.
- 3.- Delegar na Concelleira, DONA MARIA DEL PILAR RUBIO CARBALLO, a dirección e xestión do servizo de Emprego.
- 4.- Delegar no Concelleiro, DON CLAUDIO VÁZQUEZ PÉREZ, a dirección e xestión do servizo de deportes, cultura e turismo.
- 5.- Delegar na Concelleira, DONA MARTA DIAZ ESPINOSA, a dirección e xestión do servizo de Educación, Xuventude e Novas Tecnoloxías
- 6.- Delegar no Concelleiro, DON MARCOS GARCÍA PÉREZ a dirección e xestión do servizo de de Medio Rural e Desenvolvemento económico.

**SEGUNDO.-** Estas delegacións específicas relativas a un servizo, comprenden a dirección interna e a xestión do mesmo pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**TERCEIRO.-** Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo. Notifíquese ó interesado. Déaselle conta ó Pleno do Concello.

Becerreá, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1935

---

## Anuncio

### INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co previsto polo artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril, publícase o acordo do Pleno do Concello celebrado o pasado 28 de xuño de 2019 relativo á determinación das indemnizacións aos membros da corporación por asistencias, gastos de locomoción e outras indemnizacións. Asignación de dotación económica e locais aos grupos políticos municipais e outros aspectos de funcionamento e que na súa parte dispositiva resultou do seguinte teor literal:

**"Primeiro.-** Establecer con efectos do 1 de xullo de 2019, as seguintes indemnizacións:

1º.- **ASISTENCIAS:** Os señores concelleiros que non teñan adicación exclusiva, nin adicación parcial, recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, unha indemnización de 50 euros por sesión.

En calquera caso só se cuantificará unha asistencia por día, con independencia do número de sesións ou reunións que se celebren.

2º.- **GASTOS DE LOCOMOCIÓN:** Os señores concelleiros recibirán pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, cando a súa residencia estea fixada fóra da vila de Becerreá pero dentro do termo municipal e empreguen no seu desplazamento vehículo propio, a cantidade de 0,19 euros por kilómetro percorrido.

Igual indemnización recibirá o Alcalde-Presidente e concelleiros delegados, nos supostos de viaxes oficiais, tanto dentro do término municipal coma fóra do mesmo.

3º.- DIETAS: Os señores concelleiros delegados e o Alcalde-Presidente recibirán dietas nas seguintes contías:

A.- indemnización por servizos fóra do municipio:

AXUDAS DE CUSTO		
Enteira (día completo con pernocta)	Aloxamento e almorzo	Manutención (comida e cea)
155,90	102,56	53,54

B.- indemnización por servizos no termo municipal:

Dentro do termo municipal só se devengarán gastos de locomoción por asistencia a sesións, control de obras ou da prestación de servizos e demais viaxes oficiais, realizados en vehículo propio.

**Segundo.-** A xustificación das idemnizacións contidas no apartado anterior farase mediante a presentación dos seguintes documentos:

a.- Gastos de locomoción: Declaración responsable do membro da corporación na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar, motivo do desprazamento e vehículo empregado.

Cando non se empregue vehículo propio aboarase a correspondente factura de Taxi, ou do medio de transporte empregado.

b.- Manutención: Declaración responsable do alcalde ou concelleiro delegado na que figurará día, hora de saída e chegada, lugar e servizo ou actividade desenvolvida.

Só se terá dereito a comida cando o servizo prestado ou a actividade desenvolvida teña unha duración mínima de cinco horas, con comezo antes das catorce horas e remate despois das dezaseis horas.

c.- Aloxamento e asimilados (parquing, desprazamentos sen vehículo propio...): Á declaración responsable antes reseñada para devengar dieta por aloxamento, deberá de unirse a correspondente factura do establecemento e, no seu caso, do medio de transporte empregado.

**Terceiro.-** As asignacións de dotacións económicas aos Grupos Políticos Municipais, devengarase na contía resultante da seguinte táboa:

	IMPORTES/ MENSUAIS	GRUPO MUNICIPAL DE GALICIA SEMPRE	GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR	GRUPO MIXTO
Componente fixo: Por grupo	50€	50€	50€	50€
Componente variable: Por número de concelleiros	50€	350 €	100€	100€

De conformidade co anterior os Grupos Políticos Municipais recibirán con cargo ó orzamento municipal as seguintes asignacións en cómputo mensual:

Grupo Municipal Galicia Sempre: 400 euros por mes.

Grupo Municipal Popular: 150 euros por mes.

Grupo Mixto: 150 euros por mes.

Os Grupos, de conformidade con canto se establece polo artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, deberán levar unha contabilidade específica destas dotacións, que porán á disposición do Pleno sempre que éste llo pida sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións do persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Admítese como xustificación dos gastos, a declaración responsable de cada voceiro, de aplicación dos fondos recibidos ás finalidades contempladas na normativa en vigor; esta declaración deberá emitirse o primeiro trimestre do exercicio seguinte á da xustificación dos gastos.

**Cuarto.-** Establecer diversos aspectos do funcionamento do Grupo Mixto:

1.- Como os demais grupos municipais ponse a disposición do Grupo Mixto, un local sito no primeiro andar da Casa Consistorial ala dereita correspondendo os locais situados na planta baixa aos grupos municipais do Partido Popular e de Galicia Sempre atendendo á súa representatividade.

2.- O grupo mixto como os demais grupos municipais teñen dereito a formular rogos e preguntas pero tamén ostentan este dereito os concelleiros individualmente considerados. Ámbolos dous, rogos e preguntas, serán contestados nos termos establecidos na normativa que regula a materia.

3.- En aplicación do Regulamento Orgánico Municipal, o Alcalde Presidente incluírá na orde do día das sesións ordinarias do Pleno, mocións que no seu caso presenten os grupos de conformidade co seguinte cupo establecido en proporción á súa representatividade no pleno:

-Dúas o Grupo Municipal Popular,

-Dúas o Grupo Mixto unha por cada concelleiro integrante deste.

Estas mocións son independentes das que por razóns de urxencia presenten os distintos Grupos para o seu debate no pleno ordinario.

Aínda que a presentación de mocións conforme ao artigo 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais corresponde aos grupos municipais, coa finalidade de dar voz no pleno a todas as forzas políticas presentes no Pleno de xeito que contribúan a facer unha oposición constructiva, poderán presentarse polos concelleiros do Grupo Mixto a título individual.

4.- De conformidade co establecido no Regulamento Orgánico municipal o tempo de intervención correspondente ao grupo mixto, oito minutos, dividirase en dous concedéndose catro minutos a cada un dos concelleiros integrantes deste.

**Quinto.-** Publíquese este acordo nos lugares e na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

Becerreá, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1936

## GUNTÍN

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 61.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, do 26 de novembro, ACORDEI:

1.- Nomear Tenentes de Alcalde, según orde de prelación a:

- Primeiro Tenente de Alcalde: D. José Javier Santiso Iglesias.
- Segundo Tenente de Alcalde: D. Vidal López Rodríguez

2.- Notifíquese aos interesados e publíquese no B.O.P. de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da presente Resolución.

3.- Dese conta ao Pleno.

Guntín 2 de xullo de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1993

## QUIROGA

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 21 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

1º) Prestarlle aprobación ao Padrón de Auga, lixo e ecotaxa correspondente ao segundo trimestre do exercicio de 2.019.

2º) Que se expoña ao público polo prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, e mediante anuncio no taboleiro de edictos no Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e na ordenanza fiscal reguladora.

3º) Que se poña ao cobro nos termos do artigo 62.2 da Lei 58/2003: se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día vinte do mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguintes; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou si este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte en período voluntario. A partir da devandita data pasará á recadación executiva co conseguinte recargo de prema e demais custos derivados da execución forzosa.

4º) A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

5º) A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, a 26 de xuño 2019.- O Alcalde-Presidente, Julio Álvarez Núñez

R. 1937

## RIOTORTO

### Anuncio

#### Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno

De conformidade co disposto no artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Financiamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que o Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria de 28 de xuño, delegou na Xunta de Goberno as seguintes atribucións:

*"1-. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e de defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.*

*-. A declaración de lesividade dos actos do Concello.*

*-. A concertación de operacións de crédito a contía acumulada do cal dentro de cada exercicio económico exceda do 10% dos recursos ordinarios do Presuposto, salvo ás de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*-. As competencias que en materia de contratación lle correspondan O Pleno de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

*-. A aprobación de proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos presupostos.*

*-. A adxudicación de concesións sobre bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial, así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas o Alcalde e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.*

*2. - A presente delegación de atribucións producirá efectos a partir do día seguinte o da adopción do preceptivo acordo municipal."*

Riotorto, 01 de xullo de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1938

### Anuncio

#### Delegación de competencias en Concelleiros e membros Xunta de Goberno

En data 24/06/2019 polo Sr. Alcalde adoptouse a seguinte resolución sobre delegación de atribucións nos membros da Xunta de Goberno e Concelleiros:

*"En uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 61.3 da Lei 5/97, de 22 de Xullo de Administración Local de Galicia, 21.3 e 23.4 da Lei 7/85 do 2 de Abril e 43.3 e 43.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/86, de 28 de Novembro, veño en acordar:*

*Delegar no Primeiro Tenente Alcalde Don José Luís Lourido López de forma específica ás atribucións esta Alcaldía en materia de Servizos Sociais e Emprego.*

*Delegar no Segundo Tenente Alcalde Don Manuel Rivas Bouza de forma específica ás atribucións desta Alcaldía en materia de Infraestruturas e Medio Ambiente.*

*Delegar na Concelleira Don Manuel Pacio Iglesias de forma específica ás atribucións desta Alcaldía en materia de Agricultura e Gandería.*

*Delegar no Concelleiro Don José Luis Lorigo Carballeira de forma específica as atribucións desta Alcaldía en materia de Cultura e Deportes.*



*Delegar na Concelleira Dona Olga García Maseda de forma específica as atribucións desta Alcaldía en materia de Educación, Turismo e Participación veciñal.*

*As referidas delegacións son xenéricas e abranguen as facultades de dirixir e xestionar os servizos correspondentes, sen capacidade de resolución.*

*A presente resolución producirá efectos dende o día 25 de xuño ata a súa renuncia polo delegado ou revogación da delegación.*

*Así mesmo darase conta o Pleno desta resolución e os interesados publicándose no BOP e no Taboleiro de Anuncios.*

*Decrétao, manda e asina D. Clemente Iglesias González, Alcalde-Presidente deste Concello, en Riotorto a vinte e catro de xuño de dous mil dezanove, de todo o cal, eu, secretario, certifico."*

Riotorto, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1939

### Anuncio

#### **Nomeamento de membros da Xunta de Goberno e delegacións na mesma**

En data 24/06/2019 polo Sr. Alcalde adoptouse a seguinte resolución sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno e delegacións de atribucións na mesma:

*"Habéndose acordado crear a Xunta de Goberno Local polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 21 de xuño e en uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 65.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 23.1 da Lei 7/85, do 2 de Abril e 41.3 e 52.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de Novembro, veño en nomear membros da Xunta de Goberno Local os concelleiros D. José Luis Lourido López, Don Manuel Rivas Bouza e Don Manuel Pacio Iglesias.*

*Do citado nomeamento darase conta ós interesados e o Pleno, publicándose, así mesmo, no BOP e sendo efectiva a presente resolución dende o día 25 de xuño.*

*Así mesmo, en uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 61.3 da Lei 5/97 citada, 21.3 da Lei 7/85 e 43.2 e 52.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño en delegar na Xunta de Goberno Local ás seguintes atribucións:*

*-Outorgamento de licenzas de obras salvo que ás leis ás atribúan o Pleno.*

*Queda exceptuada desta delegación o outorgamento das licenzas de primeira ocupación.*

*- Aprobación dos padróns de impostos, taxas e prezos públicos sempre que corresponda por Lei ou por Ordenanza a súa aprobación pola Alcaldía.*

*- Aprobación de gastos que excedan de 6000 € e non excedan das competencias da Alcaldía.*

*- Aprobar ás bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.*

*- Contratacións de obras, de subministros, de servizos, os contratos de concesión de obras públicas, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de 6.000.000 euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas, incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*

*- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos nos presuposto.*

*Así mesmo veño en acordar que se de conta ao Pleno desta Delegación de atribucións e publíquese no BOP, entrando en vigor o día vintecinco de xuño de dous mil dezanove.*

*Decrétao, manda e asina D. Clemente Iglesias González, Alcalde-Presidente deste Concello, en Riotorto a vinte e catro de xuño de dous mil dezanove, de todo o cal, eu, secretario, certifico."*

Riotorto, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1940

*Anuncio***Nomeamento de Tenentes de Alcalde**

En data 24/06/2019 polo Sr. Alcalde adoptouse a seguinte resolución sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde:

“En uso das facultades que me foron conferidas polos artigos 61.2 e 62.1 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 21.2 e 23.3 dá Lei 7/85, do 02 de Abril e 41.3 e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de Novembro, veño en nomear Tenentes de Alcalde os seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. José Luis Lourido López

Segundo Tenente de Alcalde: D. Manuel Rivas Bouza.

Terceiro Tenente de Alcalde: D. Manuel Pacio Iglesias

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, logo da aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto tales, substituír o Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio das súas atribucións.

Así mesmo e de conformidade co disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño en acordar que se de conta do seu nomeamento ó Pleno e os interesados e que se publique a presente resolución non BOP e no Taboleiro de Anuncios sendo efectiva dende o día 25 de xuño.

Decrétao, manda e asina D. Clemente Iglesias González, Alcalde-Presidente deste Concello, en Riotorto a vinte e catro de xuño de dous mil dezanove, de todo o cal, eu, secretario, certifico.”

Riotorto, 1 de xullo de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1941

**O VICEDO***Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de xullo de 2019, aprobou inicialmente o expediente nº 5/19 de modificación de créditos do presuposto vixente así como modificación da base 17 das aprobadas para a execución do presuposto municipal de 2019. Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 3 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 2010

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA N.º 2 LUGO***Anuncio*

D./Da. FRANCISCO JULIAN HINOJAL GIJON, Letrado de la Administración de Justicia, del XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 2 de LUGO, por el presente,

En el presente procedimiento seguido a instancia de CAFES CANDELAS, S.L. frente a JOSE VICTOR RIERA BLUME se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

**FALLO**

Que, estimando la demanda formulada por la entidad Cafés Candelas S.L., representada por el Procurador Sr. Lagüela Andrade, contra don José Víctor Riera Blume, en situación de rebeldía procesal, debo declarar y declaro la resolución del contrato de suministro en exclusiva suscrito por las partes en fecha 29 de noviembre de 2011, por incumplimiento contractual de la parte demandada; condenando a la parte demandada a que abone a la actora la cantidad de 26.809,90 euros, en concepto de indemnización para el resarcimiento de los perjuicios irrogados por el referido incumplimiento; así como el abono de la cantidad de 148,33 euros por impago de suministros, más los intereses legales correspondientes devengados desde la fecha de la interpelación judicial hasta su completo pago, incrementados en dos puntos a partir de la fecha de la presente resolución. Con

imposición de costas a la parte demandada. Una vez abonado por la demandada, la actora entregará los kilos de producto pendientes de suministrar.

Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que la misma no es firme y que contra ella podrán interponer recurso de apelación.

Así, por esta mi sentencia, juzgando en esta instancia, lo pronuncio, mando y firmo.

MAGISTRADO-JUEZ LETRADO DE LA ADMINISTRACION DE JUSTICIA

Y encontrándose dicho demandado, JOSE VICTOR RIERA BLUME, en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

LUGO a trece de marzo de dos mil dieciocho.- EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACION DE JUSTICIA.

R. 1942

---

### *Anuncio*

D.D<sup>a</sup>. FRANCISCO JULIAN HINOJAL GIJON, Letrado de la Administración de Justicia, del XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N.2 de LUGO, por el presente:

En el presente procedimiento ordinario 245/17 seguido a instancia de CAFES CANDELAS SL frente a BAR RESTAURANTE EL TAJO 2013, ANA MARIA PORTILLO AYBAR se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

#### **FALLO**

Que, estimando la demanda formulada por la entidad Cafés Candelas S.L. representada por el Procurador Sr. Lagüela Andrade, contra Bar Restaurante el Tajo 2013 SCP y doña Ana María Portillo Aybar, en situación de rebeldía procesal, debo declarar y declaro la resolución del contrato de suministro en exclusiva suscrito por las partes en fecha 2 de diciembre de 2014, por incumplimiento contractual de la parte demandada; condenando a la parte demandada a que abone a la actora la cantidad de 9.908,52 euros en concepto de indemnización para el resarcimiento de los perjuicios irrogados por el referido incumplimiento; más los intereses legales correspondientes devengados desde la fecha de la interpelación judicial hasta su completo pago, incrementados en dos puntos a partir de la fecha de la presente resolución. Con imposición de costas a la demandada.

Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que la misma no es firme y que contra ella podrán interponer recurso de apelación.

Así, por esta mi sentencia, juzgando en esta instancia, lo pronuncio, mando y firmo.

MAGISTRADO-JUEZ LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

Y encontrándose dicho demandado, BAR RESTAURANTE EL TAJO 2013, Y ANA MARIA PORTILLO AYBAR (COMO REPRESENTANTE LEGAL), en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

En LUGO, a once de octubre de dos mil diecisiete - EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 1943

---

## **MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**

### **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. DIRECCIÓN TÉCNICA**

#### *Anuncio*

**PROYECTO CONSTRUCTIVO DE MEJORAS EN LA RED DE SANEAMIENTO DE LAS CALLES SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES Y PADRE FEIJOO, T.M. DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO).**

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 12 de junio de 2019, se ha acordado someter a información pública el documento relativo a las obras del asunto, que a continuación se relaciona y a los efectos que igualmente se expresan:

Proyecto, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

El referido documento estará expuesto en las oficinas de la Confederación Hidrográfica Miño-Sil situadas en Ourense, C/ Curros Enríquez, nº 4 - 2º y en Monforte de Lemos, situada en A Pinguela s/n y publicado en la web oficial de la Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A, para que puedan ser examinado por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido del mismo, durante el

plazo de veinte días hábiles, contados a partir del día siguiente de la publicación del presente anuncio en el último de los Boletines Oficiales en que se ha de publicar, Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

EL PRESIDENTE DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, Jose Antonio Quiroga Díaz.

R. 1944

---